

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e construción da obra: conexión do Porto Seco de Monforte coas estradas LU-933 e CN-120, no municipio de Monforte de Lemos, polo importe de 12.037.081,58 euros.
- Decreto de aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual con ordenación detallada dun sector de solo urbanizable delimitado de uso terciario comercial, na zona de Freixeiro (Deiro), das normas subsidiarias de planeamento municipal do concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se establece a denominación do Centro Superior Bibliográfico de Galicia como Biblioteca de Galicia (Centro Superior Bibliográfico de Galicia).

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras de instalacións portuarias no Sardiñeiro (Fisterra-A Coruña).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Resolución pola que se convocan as subvencións, en réxime de concorrencia non

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

competitiva dirixidas ás persoas titulares e ás inquilinas arrendadas no marco do Programa Aluga, no exercicio 2011.

- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Ribeira para a mellora da urbanización do contorno de varios grupos de vivendas de promoción pública polo importe de douscentos trinta e cinco mil cincocentos vinte e cinco euros con setenta e un céntimos (235.525,71 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración entra a Xunta de Galicia, o organismo autónomo Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora da depuración e vertedura da Coruña: EDAR de Bens.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entra a Xunta de Galicia, o organismo autónomo Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora do saneamento de Lugo: Colectores xerais do río Miño en Lugo; tramo N-VI EDAR de Lugo e colectores xerais do río Miño en Lugo.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración entra a Xunta de Galicia, o organismo autónomo Augas de Galicia, o Concello de Lugo e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil para a execución do proxecto de acondicionamento da marxe dereita do río Miño en Lugo.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración entra a Xunta de Galicia, o organismo autónomo Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora do saneamento de Lugo: ampliación EDAR de Lugo.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Coristanco para a execución da obras: colectores xerais e estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Vilaverde. concello de Coristanco (A Coruña), polo importe de dous millóns douscentos trinta e seis mil oitocentos oitenta e catro euros e corenta e nove céntimos (2.236.884,49 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria para levar a cabo a convocatoria de axudas para o ano 2010 da liña de Incorporación Estable do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da actividade investigadora da Comunidade Autónoma de Galicia con destino ao sistema público de investigación e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

desenvolvemento, por importe de un millón trescentos mil euros (1.300.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para a execución do Museo da Minaría de Cerceda, polo importe de catrocentos mil euros (400.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para a execución do Proxecto Paseo Fluvial en Acevedo (Cerceda), polo importe de trescentos mil euros (300.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para a execución do proxecto de mellora da estación de tratamento de auga potable en Queixas (Cerceda), polo importe de trescentos noventa e nove mil novecentos noventa e nove euros con noventa céntimos (399.999,90 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para a execución do proxecto de albergue na estación de Cerceda, polo importe de trescentos setenta e catro mil oitocentos vinte e cinco euros con trinta e oito céntimos (374.825,38 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Universidade da Coruña para a realización de probas sobre control de calidade dos hidrocarburos en Galicia, polo importe de cento sesenta e sete mil euros (167.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Clúster do Granito para a realización de auditorías enerxéticas nas empresas do sector do granito, polo importe de sesenta mil euros (60.000 euros).
- Acordos do Consello da Xunta de Galicia polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para achegar ao Fondo Adiante 2000 o importe de sete millóns un mil setecentos oitenta e nove euros con oitenta céntimos (7.001.789,80 euros).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos no aval que se lle vai conceder a KAUMAN, SA polo importe máximo dun millón catrocentos noventa e oito mil setecentos trinta e oito euros con oitenta céntimos (1.498.738,80 euros).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Narón para a xestión de comedores escolares, por un importe de trinta mil euros (30.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Muíños, para a xestión de comedores escolares por un importe de vinte e seis mil corenta euros con vinte e catro céntimos de euro (26.040,24 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello do Bolo, para a xestión de comedores escolares por un importe de trinta e catro mil seiscientos noventa e dous euros (34.692,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo sobre o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de prórroga do concerto do 16 de xaneiro de 2006, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e o Instituto Policlínico Santa Teresa, SA, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, por un importe de cinco millóns cincocentos trinta e seis mil euros (5.536.000,00 euros).
- Acordo de prórroga do concerto do 29 de abril de 2005, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridad de Ferrol, da cal depende o Hospital Juan Cardona, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, por un importe de trece millóns dous mil catrocentos corenta euros (13.002.440,00 euros).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo de prórroga do concerto de data 1 de marzo de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia-José Antonio Quiroga y Piñeyro para a prestación de servizos en materia oncolóxica, por un importe de once millóns cento oitenta e nove mil seiscientos euros (11.189.600 euros).
- Acordo de prórroga do concerto do 16 de xaneiro de 2006, subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e o *Instituto Médico Quirúrgico San Rafael, SA* da Coruña, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, por un importe de catro mil oitocentos euros (4.800.000 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e os concellos de Verín e Monterrei para o reacondicionamento do Camiño Real (2ª fase) por un importe de cincocentos vinte e cinco mil setecentos dezasete euros con dezaioito céntimos.(525.717,18 euros).
- Acordo polo que se declara municipio turístico galego o concello de Sarria (provincia de Lugo).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, para o desenvolvemento do marco de cooperación interadministrativa previsto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e para o establecemento e financiamento do nivel de protección acordado para o exercicio 2010, por unha contía de oitenta e seis millóns trescentos mil cincocentos dous euros con trinta e nove céntimos (86.300.502,39 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Aloumiño para desenvolver un programa de orientación e mediación familiar, por un importe de cento sesenta e cinco mil seiscientos noventa e dous euros (165.692,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 1ª prórroga dos contratos mediante concerto, da reserva e ocupación de prazas en centro de día para persoas con discapacidade polo importe de catro millóns setecentos corenta e nove mil trescentos noventa e nove euros con noventa e seis céntimos (4.749.399,96 euros).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 1ª prorroga dos contratos, mediante concerto, da reserva e ocupación de prazas en centro residencial con centro de día para persoas con discapacidade por un importe de oito millóns setecentos corenta e seis mil novecentos corenta euros con sesenta e sete céntimos (8.746.940,67 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 1ª prorroga dos contratos, mediante concerto, da reserva e ocupación de prazas en Centro ocupacional para persoas con discapacidade por un importe de catro millóns cincocentos setenta e dous mil catrocentos cincuenta e seis euros con doce céntimos (4.572.456,12 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 1ª prorroga dos contratos, mediante concerto, da reserva e ocupación de prazas en centro residencial con centro ocupacional para persoas con discapacidade por un importe de oito millóns catrocentos dezanove mil novecentos cincuenta e tres euros con oitenta céntimos (8.419.953,80 euros).
- Acordo polo que se autoriza á tramitación do expediente de gasto relativo á 1ª prorroga dos contratos, mediante concerto, da reserva e ocupación de prazas en vivendas tuteladas para persoas con discapacidade, por un importe de trescentos corenta e cinco mil douscentos tres euros con sesenta céntimos (345.203,60 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación La Caixa, en materia de espazos protexidos, por un importe total dun millón douscentos cincuenta mil euros (1.250.000,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da aprobación provisional das Directrices de Ordenación do Territorio, outorgada mediante Orde do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 3 de decembro de 2010.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O PROGRAMA ESTATÍSTICO PARA 2011 INCORPORA 152 OPERACIÓNS E ACTIVIDADES ESTATÍSTICAS CUN INVESTIMENTO DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS**

- *Haberá 13 novas operacións no programa do vindeiro exercicio*
- *Trátase de avanzar na consolidación da organización estatística de Galicia e contribuír á creación dun verdadeiro sistema público en España*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, que incorpora 152 operacións e actividades estatísticas cun investimento de 1.229.788 euros. O programa xa foi acordado polo Pleno do Consello Galego de Estatística o pasado día 26 de novembro.

Esta programación, a derradeira do Plan Galego de Estatística 2007-2011, ten entre os seus obxectivos avanzar na consolidación da organización estatística de Galicia e contribuír á creación dun verdadeiro sistema público en España.

No programa do vindeiro ano haberá 13 operacións novas que contribuirán a cumprir metas de información do Plan 2007-2011 que estaban baleiras de contido: 'Estatística da Administración electrónica nos concellos galegos', 'Calidade da auga', 'Xestión de residuos urbanos', 'Cifras poboacionais de referencia', 'Proxección de fogares', 'Enquisa de poboación activa. Módulo sobre o emprego das persoas con discapacidade', 'Enquisa de condicións de vida das familias. Poboación dependente', 'Explotación do rexistro de museos'; 'Enquisa de ocupación na pesca' e 'Marco input-output'.

Ademais, entre estas, cabe subliñar tres operacións novas encadradas na área de estudos e síntese, como son '*Conta de distribución da renda municipal*', '*Matriz de contabilidade social*' e '*Indicadores do sector servizos*'. Destaca a inclusión dos '*Indicadores de contexto*' do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014.

En canto ás actividades, destacan na distribución as clasificadas nas áreas de poboación, condicións sociais e estrutura produtiva, concentradas en temáticas como sanidade, mercado laboral, benestar, participación social, sectores agrario e pesqueiro e mercados e prezos.

Estas 152 operacións e actividades estatísticas serán executadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e as distintas consellerías da Xunta de Galicia.

En relación coa oferta do IGE, as operacións máis salientables dentro da área de elaboración de estatísticas básicas son a '*Enquisa de condicións de Vida*' e a '*Enquisa de poboación activa*', feita en colaboración co *Instituto Nacional de Estatística* (INE) na cal se duplicará a mostra estatal no noso territorio e incorporará un módulo especial sobre o emprego das persoas con discapacidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Cabe destacar que a recente constitución dos órganos estatísticos das consellerías contribúe positivamente ao proceso de mellora do sistema estatístico galego, evitando duplicidades, favorecendo sinerxías e aproveitando os recursos dos departamentos dun xeito máis eficiente.

Ademais, a nova programación para o vindeiro ano permite continuar co apoio ás iniciativas orientadas a crear un verdadeiro sistema estatístico público en España, coherente cos criterios de transparencia, accesibilidade dos usuarios á información, uso eficiente dos recursos, coherencia, comparabilidade e mínima carga de resposta para os informantes.

A XUNTA INICIA O PROCESO EXPROPIATORIO DOS BENS AFECTADOS POLO PROXECTO DE CONEXIÓN ENTRE O PORTO SECO DE MONFORTE E AS ESTRADAS LU-933 E A N-120

- *A licitación das obras será efectiva no primeiro semestre de 2011*
- *O obxectivo deste proxecto será absorber e ordenar o tráfico producido pola posta en funcionamento da nova plataforma loxística*
- *A lonxitude total da estrada será de 2,8 quilómetros*
- *O pasado mes de abril Agustín Hernández visitou o porto seco de Monforte de Lemos, onde anunciou que investirá máis de 10 millóns de euros nesta estrada*
- *As actuacións actualmente en marcha por parte da Xunta para conectar o porto seco de Monforte coa rede de estradas convencional e de vías de alta capacidade supoñen un investimento de 20 millóns de euros*
- *Desde o pasado mes de abril deste ano está en redacción do estudo informativo e de impacto ambiental da conexión do porto seco coa estrada Nadela- Monforte (LU-546) e co corredor Sarria-Monforte*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da conexión entre o Porto Seco de Monforte de Lemos coa estrada Monforte- Límite da provincia de Ourense (LU-933) e a N-120 (Ponferrada-Vigo). O orzamento que destinará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a ocupación será de máis de 1,8 millóns de euros. A licitación das obras será efectiva no primeiro semestre do 2011.

A actuación proxectada ten por obxecto absorber e ordenar o tráfico producido pola posta en funcionamento do futuro porto seco de Monforte, que constitúe unha plataforma loxística de intercambio de mercadorías.

Este proxecto prevé a construción dunha nova vía cunha lonxitude de 2,8 quilómetros que ten a súa orixe no porto seco e continúa cara ao leste durante 500 metros, onde se construíra unha glorieta. Seguidamente avanza durante 1,6 quilómetros cara ao sur ata a estrada LU-933 coa cal conecta con outra glorieta a nivel.

A vía prosegue ata a N-120 uníndose a ela mediante un enlace con tipoloxía de diamante. Este enlace proxectouse de forma que non interfira na execución e unión desta vía coa futura autovía do Estado A-72 Monforte de Lemos-Chantada.

Antecedentes

As actuacións actualmente en marcha por parte da Xunta de Galicia para conectar o porto seco de Monforte coa rede de estradas convencional e de vías de alta capacidade supoñen un investimento de 20 millóns de euros.


INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais da conexión da plataforma loxística coas estradas LU-933 e N-120, levado hoxe a Consello, desde o pasado mes de abril deste ano está en redacción do estudo informativo e de impacto ambiental da conexión do porto seco coa estrada Nadela-Monforte (LU-546) e co corredor Sarria-Monforte.

A nova conexión coa estrada Nadela-Monforte (LU-546) terá unha lonxitude de case 3 quilómetros, que se poderá incrementar cos ramais de conexión que tamén se deberán definir no estudo. Ao remate desta obra o porto seco terá os accesos e os enlaces necesarios, así como as interseccións, para conectar coa LU-546 e co corredor Sarria-Monforte. Esta actuación forma parte do Plan MOVE (Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2010-2015) dentro do programa de vías estruturantes, relativo aos eixes novos e variantes para a provincia de Lugo, e conta cun investimento de preto de 9 millóns de euros.

Deste xeito, as conexións da plataforma loxística mellorarán substancialmente e, por outro lado, dinamizarán as relacións comerciais e industriais desta zona. Así, púxose de manifesto o compromiso da Consellería de Medio Ambiente cos empresarios de Lemos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



Desenvolvemento do porto seco

Paralelamente á definición dos accesos, a Xunta de Galicia está a desenvolver a 1ª fase da área loxística e intermodal do porto seco de Monforte de Lemos. A superficie total desta primeira fase é de 307.000 metros cadrados, que será executada por Xestur Lugo cun investimento de 4,5 millóns de euros.

O expediente atópase nestes momentos en tramitación previa a aprobación polo Consello da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA APROBA UNHA MODIFICACIÓN URBANÍSTICA NO CONCELLO DE VILANOVA PARA CONSTRUIR EN DEIRO UNHA ÁREA COMERCIAL QUE DARÁ EMPREGO DIRECTO A MÁIS DE 400 PERSOAS**

- *O Consello da Xunta aproba a modificación puntual dun sector como solo urbanizable delimitado*
- *Unha das razóns que fundamentan este cambio de planeamento é que se incorporarán actividades económicas que revitalizan o sector produtivo*

A Xunta de Galicia aproba unha modificación urbanística do Concello de Vilanova de Arousa para permitir a construción dunha área comercial na parroquia de Deiro, que dará emprego directo a máis de 400 persoas cando entre en funcionamento. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá, autorizou a aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual con ordenación detallada dun sector de solo urbanizable delimitado de uso terciario comercial na zona de Freixeiro (Deiro).

Esta modificación permitirá delimitar un sector de solo urbanizables de uso comercial de 77.956,86 metros cadrados de superficie, dos cales 23.387 metros cadrados son de superficie edificable, que nas normas subsidiarias municipais están clasificados como solo non urbanizable de protección agrícola e forestal.

Tal e como se recolle no texto do convenio asinado polo Concello de Vilanova e a empresa xestora, estipúlense dúas cláusulas polas que se obriga a asumir preferentemente a contratación de persoas desempregadas do concello e, por outro lado, os comerciantes de Vilanova serán os primeiros en coñecer o proxecto, co fin de arrendar con certa preferencia e ter unha rebaixa dun 10% no prezo da venda ao público xeral dos locais.

Cómpre sinalar que o proxecto de modificación ten orixe nun convenio de xaneiro de 2010, promovido polo Concello de Vilagarcía, e que está xustificado porque se dota de solo comercial o municipio para incorporar actividades económicas que revitalizan o tecido produtivo, tal e como se recolle no artigo 94.1 da Lei do solo, é dicir, están xustificadas o carácter estratéxico e a transcendencia pública da actuación.

A Comisión Superior de Urbanismo do pasado 2 de decembro emitiu un informe favorable, despois de comprobar que o proceso administrativo está completo. O proxecto de modificación conta cos informes favorables da Dirección Xeral de Infraestruturas, de Mobilidade e de Augas de Galicia, así como do Ministerio de Industria e os informes en materia de montes e de conservación da natureza, e de sustentabilidade ambiental, no que se aclara a ausencia de valores en solo rústico protexido.

Desde a Consellería de Medio Ambiente instóuselle á administración promotora a definir e establecer os accesos ao propio sector desde o lindeiro sur, pola PO-350 Areas-

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Tomiño, así como desde a vía Cambados- Vilagarcía (VG-4.3). Por outro lado, o Concello de Vilanova autorizará calquera outra infraestrutura de acceso que resulte viable para a área ou o centro comercial e que facilite, á súa vez, o acceso ás parroquias de Caleiro, Andrés, Tremoedo e Deiro.

O concello de Vilanova de Arousa conta cunha normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente en marzo de 1977.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A BIBLIOTECA DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA ACTUARÁ COMO CABECEIRA DO SISTEMA DE BIBLIOTECAS AO INTEGRAR AS FUNCIÓNS DO CENTRO SUPERIOR BIBLIOGRÁFICO DE GALICIA**

- *Coa posta en funcionamento da Cidade da Cultura, o edificio da Biblioteca de Galicia pasa a ser a sede do Centro Superior Bibliográfico de Galicia (CSBG), creado en 1989. A Biblioteca de Galicia será no adiante a cabeceira da Rede galega de bibliotecas, a que as coordinará e representará as bibliotecas galegas perante os organismos internacionais*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que o CSBG pasa a denominarse "Biblioteca de Galicia (Centro Superior Bibliográfico de Galicia)"*

A posta en marcha da Cidade da Cultura permitirá que o edificio da Biblioteca de Galicia pase a ser a sede do Centro Superior Bibliográfico de Galicia (CSBG), o que posibilitará o seu funcionamento como cabeceira da Rede galega de bibliotecas. Con este obxectivo, o Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se establece a nova denominación do CSBG como "Biblioteca de Galicia (Centro Superior Bibliográfico de Galicia)". O decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O Centro Superior Bibliográfico de Galicia creouse no ano 1989 como cabeceira da Rede de Bibliotecas de Galicia e núcleo central de información bibliográfica, de automatización, de normalización dos procesos técnicos, dos plans para a catalogación centralizada ou compartida, e de información, asesoría e formación profesional.

A Biblioteca de Galicia será no adiante a cabeceira da Rede galega de bibliotecas, a que as coordinará e representará as bibliotecas galegas perante os organismos internacionais. Cumprirá o papel de depósito legal, almacenando unha copia de todos os libros publicados en galego, por autores galegos ou sobre Galicia. Será, polo tanto, unha institución clave na salvagarda do coñecemento e garantirá a súa transmisión ás futuras xeracións. Ademais, contará con *Galiciana*, que xa é unha das bibliotecas dixitais máis importantes de España e que estará conectada ás principais redes de bibliotecas internacionais, como *Europeana*. Será unha biblioteca moderna, equipada tecnoloxicamente, un centro de organización e xestión da información e coñecemento que vai permitir mellorar o noso capital humano, facendo que as futuras xeracións de investigadores saian mellor preparadas.

PORTOS DE GALICIA INVESTIRÁ 1,1 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO NOVO PORTO DO SARDIÑEIRO NA CORUÑA

- *O ente público, dependente da Consellería do Mar, dá así resposta a unha vella demanda dos mariñeiros, que poderán desenvolver a súa actividade na zona e evitarán o desprazamento a outros portos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dispón a urxente ocupación, por parte de Portos de Galicia, para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos afectados pola execución das obras de instalacións portuarias no Sardiñeiro, en Fisterra. O ente público, dependente da Consellería do Mar, investirá 1.096.048 euros na construción dun novo porto, dando resposta así a unha vella demanda dos mariñeiros da zona. O prazo para a execución é de 12 meses.

Esta actuación permitiralles aos profesionais do mar dispor dunhas instalacións portuarias para desenvolver a súa actividade. Así, evitarán o desprazamento a outros portos co custo económico e de tempo que isto supón. Ademais, mellorará a seguridade deste colectivo, ao dotalo dunha zona de atracadura e de defensa contra a ondaxe.

O proxecto pervé a creación dun pequeno porto na rocha sobresaínte anterior á praia do Sardiñeiro e inclúe a construción dun muro-peirao composto por un espigón de defensa co seu correspondente espaldón. O novo porto posuirá un peirao no final do espigón en dúas aliñacións, ambas de 15 metros atracables e de 3 metros de calado. Ademais, contará cunha rampla para descarga e para a varada das embarcacións, cunha explanada para depósito de barcos e cun acceso que habilite a entrada.

Portos de Galicia necesitará expropiar 4 parcelas sen edificar de propiedade privada para a realización desta vía de acceso ás novas instalacións. Esta actuación é imprescindible e a súa construción debe acometerse antes comezar as obras, na primavera de 2011.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA DESTINARÁ EN 2011 AXUDAS POR IMPORTE DE 10,8 MILLÓNS DE EUROS NO MARCO DO PROGRAMA ALUGA, QUE BENEFICIARÁ O VINDEIRO ANO 4.000 FAMILIAS**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe os compromisos de pagamento plurianuais*
- *A maior parte do orzamento (9,9 millóns de euros) van destinados a subvencionar aos inquilinos, con axudas entre o 30 e o 70 por cento do aluguer*

A Xunta de Galicia destinará ao longo do vindeiro ano case 11 millóns de euros para fomentar as súas políticas de acceso á vivenda no marco do Programa Aluga. A previsión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é que preto de 4.000 familias se beneficien destas subvencións.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo destinará un total de 10.800.000 euros ás axudas concedidas en 2011 a través do Programa Aluga, segundo establece o acordo do Consello da Xunta de hoxe aprobando os correspondentes compromisos de pagamento plurianuais.

A maior parte dos 10,8 millóns de euros destinaranse a axudas a inquilinos para o financiamento parcial da renda que pagan polas súas vivendas. En total serán 9.902.000 euros os que se destinen a este fin.

Axuda a inquilino

Esta axuda esta dirixida aos inquilinos para o financiamento parcial da renda, nunha porcentaxe que vai desde o 30% ata o 70% do prezo da renda, segundo tramo de ingresos. A axuda incrementase en 10 puntos porcentuais cando se trate de vítimas de violencia de xénero. O número estimado de beneficiarios cífrase en case 4.000.

Plan Aluga

O Programa Aluga, que entrou en vigor a comezos de agosto, está dirixido ao fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia. Este programa de vivenda xorde da necesidade de dar unha nova orientación ás medidas de fomento do aluguer de vivendas privadas, co obxecto de paliar as disfuncionalidades detectadas no anterior programa, como a complexidade da tramitación con externalización de funcións administrativas, o cadro de persoal sobredimensionado e os elevados custos de funcionamento.

A través do Programa Aluga poderán acceder ás axudas para o aluguer todos os interesados con ingresos inferiores a 3,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples (Iprem), inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda e residentes en Galicia ou que desenvolvan o seu traballo na nosa comunidade autónoma. Os propietarios de vivendas tamén se poderán beneficiar de axudas para a rehabilitalas antes de poñelas á disposición do Programa, así como subvencións para os gastos derivados do aluguer.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Coa posta en marcha do programa Aluga recupérase por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo a xestión das axudas de aluguer, polo que as partidas destinadas ao seu funcionamento se destinarán á repartición de axudas.

A previsión do departamento que dirixe Hernández para os vindeiros tres anos é que o custo total do Programa Aluga acade máis de 35 millóns de euros, e que beneficie unhas seis mil familias galegas.

No cadro adxunto amósase como cun custo semellante, o novo Programa Aluga permite incrementar de maneira notable os fondos destinados a axudas ao aluguer.

	Programa de vivenda en aluguer (3 anos bipartito)	Programa Aluga (próximos 3 anos)
Subvencións:	25.423.791,78 euros	32.398.643,50 euros
Gastos de funcionamento:	8.686.511,19 euros	2.876.812,13 euros

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA FINANCIARÁ CON 235.525 EUROS AS OBRAS DE URBANIZACIÓN DE VARIAS RÚAS EN PALMEIRA (RIBEIRA)**

- *O Instituto Galego da Vivenda e Solo financiará obras en compensación polas realizadas polo concello na contorna das vivendas de promoción pública entregadas este ano*
- *As obras serán realizadas polo concello*
- *O convenio ten vixencia ata o 30 de decembro de 2011*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo investirá un total de 235.525 euros, IVE incluído, en obras de reurbanización das rúas de subida ao Adro e rúa Cambra na parroquia de Palmeira, co obxectivo de melloralas urbanística e ambientalmente, segundo establece o convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia.

As obras, que serán executadas polo Concello de Ribeira, son financiadas polo Goberno galego en compensación polas que tivo que realizar o concello na contorna das 21 vivendas de promoción pública construídas polo IGVS no concello, relacionadas cos servizos de acometida de auga, rede de sumidoiros e subministración de enerxía eléctrica.

O convenio aprobado polo Consello da Xunta establece que as obras que se van realizar na parroquia de Palmeira consistirán en:

- Mellora das redes de abastecemento de auga, saneamento de augas residuais e pluviais.
- Soterramento das liñas da rede de iluminación para eliminar o actual cableado aéreo que deturpa a imaxe da contorna.
- Colocación dun novo pavimento a base de lastro de formigón e pedra granítica.
- Demolición do antigo mercado municipal de Palmeira e recuperación da fonte de pedra situada no seu soto.
- Dotación de novo mobiliario urbano

O orzamento destinado polo IGVS a estas obras dividirase en dúas anualidades:

- Ano 2010: 10.000,00 €
- Ano 2011: 225.525,71 €

O convenio, que será asinado por Agustín Hernández, conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e José Luis Torres Colomer, alcalde de Ribeira, terá vixencia ata o 30 de decembro de 2011.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**REMATAN OS CONVENIOS ENTRE A XUNTA E O ESTADO PARA O FINANCIAMENTO DAS DEPURADORAS DE BENS E DE LUGO, NAS CALES A XUNTA DE GALICIA INVESTIU MAIS DE 38 MILLÓNS DE EUROS**

- *A Administración galega empregou fondos propios na súa execución, mentres que o resto do financiamento, achegado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, corresponde a fondos comunitarios*

Os convenios existentes entre a Xunta de Galicia e o Estado para o financiamento das depuradoras de Bens e de Lugo rematan co pagamento das anualidades correspondentes a 2010, xa que ambos os os proxectos xa están finalizados.

A Administración galega, que investiu máis de 38 millóns de euros nestas actuacións, foi a única Administración que empregou fondos propios na súa execución, xa que o resto do financiamento, achegado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil corresponde a fondos comunitarios.

EDAR de Bens

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dunha addenda relativa ao convenio de colaboración asinado entre ambas as administracións para a execución das obras de depuración da Coruña, nas cales se incluían os traballos da depuradora de Bens e do emisario, declaradas de interese xeral e, polo tanto, competencia do Estado.

Tras esta addenda, que serve de remate ao convenio, a achega da Xunta de Galicia ascende a 27.054.142,26 euros, sobre un investimento total de 180.360.948,40 euros.

Saneamento de Lugo

No caso de Lugo, autorizáronse as addendas correspondentes aos convenios coa Confederación para a execución dos colectores xerais do río Miño, o acondicionamento da marxe dereita e a ampliación da EDAR, obras todas elas declaradas de interese xeral e, polo tanto, competencia do Estado.

Tras estas addendas, que serven de remate aos convenios xa que as obras están finalizadas, a achega da Xunta de Galicia ascende a 11.088.187 euros, cun investimento total de 72.438.357 euros.

MEDIO AMBIENTE INVISTE 2,2 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA EDAR E COLECTORES XERAIS CO OBXECTIVO DE COMPLETAR A REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE CORISTANCO

- *Con esta actuación construírse unha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) que evitará verteduras ao río Anllóns*
- *Outro dos obxectivos será dotar a zona dunha adecuada rede de colectores de máis de 8.000 metros de lonxitude*
- *O prazo de execución da obra será de 12 meses*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Coristanco para as obras de saneamento do núcleo de Vilaverde, situado no concello coruñés. O investimento de Medio Ambiente, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, será de máis de 2,2 millóns de euros.

Con esta actuación, construírse unha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) que evitará verteduras ao río Anllóns. Así mesmo, outro dos obxectivos será dotar á zona dunha adecuada rede de colectores de máis de 8.000 metros de lonxitude.

A nova EDAR terá capacidade para tratar 3 litros/segundo. A nova depuradora contará cunha liña de auga formada por unha arqueta con desbaste, aliviadoiro, bombeo de auga, desbaste de finos, desareador, medidor de caudal, reactor biolóxico, e unha cámara de esterilización por raios UVA. A outra liña será a de lodos, que consta dun bombeo de lamias, espesamento e estabilización de secados.

Por outra banda, a rede de colectores recollerá as verteduras da rede municipal e servirá para as futuras ampliacións. A rede terá máis de 8.000 metros de lonxitude, formada por 10 colectores cun diámetro de entre 250 e 400 mm de diámetro. Finalmente, antes de conectar coa EDAR instalárase un bombeo de impulsión.

Situación actual

Na actualidade o concello dispón dunha rede bastante completa pero sen uso dada a inexistencia dun tratamento final, excepto na zona de Portoquintáns. Esta situación non garante as calidades mínimas exixidas pola lexislación vixente, o que motiva a execución deste proxecto enmarcado no Plan de Saneamento de Galicia.

A Consellería de Medio Ambiente comprométese a financiar a totalidade das obras en catro anualidades; serán 250.000 euros en 2011, 1 millón de euros en 2012, 969.928 euros en 2013 e 16.955 euros en 2013. Pola súa parte, o Concello de Coristanco comprométese a poñer á disposición da consellería os terreos libres de cargas e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

gravames, ademais de asumir aos labores de mantemento e conservación das instalacións. O prazo de execución será de 12 meses.

ECONOMÍA E INDUSTRIA INVESTIRÁ 1,3 MILLÓNS DE EUROS NA CONTRATACIÓN DE CIENTÍFICOS

- ***A convocatoria do Programa I3 de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora en Galicia será publicada proximamente no DOG***

A Consellería de Economía e Industria investirá 1,3 millóns de euros na contratación estable de investigadores cunha traxectoria destacada por parte das universidades e centros públicos de investigación da comunidade. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a convocatoria do Programa I3 de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora en Galicia, que será publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Mediante esta iniciativa a Xunta favorece a captación de investigadores e incentiva a incorporación de investigadores mozos con alto potencial en grupos emerxentes e consolidados.

Os investigadores candidatos a estas prazas deben estar en posesión do grao de doutor cunha antigüidade mínima de 6 anos e ter unha experiencia posdoutoral non inferior a 24 meses en universidades ou centros de I+D, ou ter cursado de maneira íntegra e ter obtido o título de doutor nalgunha universidade estranxeira.

A solicitude debe ser cursada polo organismo público de I+D encargado da contratación, que terá que garantir para o investigador unha retribución anual equiparable á dun profesor titular de universidade.

ECONOMÍA E INDUSTRIA MOBILIZA UN INVESTIMENTO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS PARA POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO ALTERNATIVO Á MINARÍA DE CARBÓN EN CERCEDA

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura de catro convenios entre Industria e o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras*
- *Estes acordos de colaboración permitirán levar a cabo a construción do Museo da Minaría e do albergue de Cerceda*
- *A Consellería de Economía e Industria tamén posibilitará a mellora de estación de tratamento de auga potable en Queixas e do paseo fluvial do Acevedo*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Economía e Industria para a sinatura de varios convenios co Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras que suporán un investimento de 1.500.000 euros en distintos proxectos que teñen como beneficiario último o concello de Cerceda.

Deste xeito, Economía e Industria permitirá a mobilización de 400.000 euros destinados ás actuacións previstas para mellorar a estación de tratamento de auga potable en Queixas (Cerceda). Estes traballos constarán de dúas fases: as melloras no depósito de Astande e as melloras na ETAP de Queixas.

Outros 400.000 euros irán destinados á execución do Museo da Minaría da localidade coruñesa, que estará situado na Estación de Meirama. As obras afectarán os tabiques exteriores, as instalacións e renovación dos acabados e suporán cambios na distribución do actual edificio.

A consellería tamén facilitará o investimento de 375.000 euros na execución do proxecto de albergue na estación de Cerceda. Neste caso, está prevista a rehabilitación da antiga estación de ferrocarril, que se atopa en desuso e sen que ADIF prevé utilizala para a explotación ferroviaria, para convertela en albergue mediante unha reforma integral.

Por último, un cuarto convenio suporá a achega de 300.000 euros para a execución do proxecto dun paseo fluvial no Acevedo (Cerceda). Os traballos previstos teñen a finalidade de acondicionar 1.100 metros do río Acevedo ao seu paso polo Parque Acuático de Cerceda e o Polígono Industrial situado augas abaixo. Preténdese crear unha canle verde no medio do polígono industrial, creando un bosque de galería, e a creación dunha zona peonil de tránsito en ambas as marxes do río.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Todos estes proxectos teñen o carácter de infraestruturas como substrato de desenvolvemento socioeconómico alternativo á minaría de carbón, e súmanse a outros anteriores que teñen o concello de Cerceda como beneficiario, cunha inxección económica que supera xa os 6 millóns de euros. Estes acordos permitirán a posta en marcha do proxecto do Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e de Formación, o desenvolvemento das actuacións para a execución do proxecto de ampliación do polígono industrial do Acevedo (1ª fase), e a dotación de infraestruturas deportivas no campo do Roxo. Así mesmo, en virtude destes acordos tamén se lavarán a cabo a execución das obras da estrada Burís-Croeda, e o financiamento e construción dun centro de día, fogar residencial para a atención de persoas maiores neste concello coruñés.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA PRORROGA O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O CONTROL DA CALIDADE DOS HIDROCARBUROS EN GALICIA**

- *A Consellería investirá un total de 167.000 euros para a realización destas actividades*
- *Os acordos véñense asinando desde o ano 2002 con resultados altamente satisfactorios para ambas as partes*
- *A finalidade deste convenio é a realización de mostraxes e análises de gasolina, gasóleos e fueis*

O Consello da Xunta autorizou á Consellería de Economía e Industria para prorrogar o convenio xa existente entre esta e a Universidade da Coruña para a realización de probas sobre control de calidade dos hidrocarburos en Galicia.

O convenio que agora se renova foi asinado entre as dúas partes en xaneiro deste ano. A finalidade do acordo era realizar mostraxes, análises e comunicación das especificacións técnicas de gasolina, gasóleos, e fueis á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Para tal fin, Economía e Industria investirá un total de 167.000 euros.

Dado que a súa vixencia finaliza o próximo 31 de decembro, procedeuse a unha revisión dos resultados do convenio por ambas as partes e, en vista de que as expectativas se cumpriron e os resultados foron totalmente satisfactorios, acordouse a renovación por outro ano, co que finalizará o 31 de decembro de 2011.

A Universidade da Coruña en xeral e o Laboratorio de Combustibles en particular posúen unha ampla experiencia en análises e traballos de investigación relacionados coa calidade e as especificacións de combustibles e carburantes, como así o amosan os resultados obtidos polos sucesivos convenios subscritos entre as dúas partes desde o ano 2002.

Por todo isto, a Consellería de Economía e Industria considera que a sinatura deste convenio supón un instrumento fundamental para poder desenvolver os controis de todos os produtos petrolíferos que están á venda na Comunidade de Galicia.

ECONOMÍA E INDUSTRIA PROMOVE A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS ENERXÉTICAS EN EMPRESAS GRANITEIRAS CO OBXECTIVO DE INTENSIFICAR A INTRODUCCIÓN DE MEDIDAS DE AFORRO E EFICIENCIA NO SECTOR

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración, con vixencia ata setembro de 2011, entre o Instituto Enerxético de Galicia e a Asociación Clúster do Granito, con base no que se desenvolverán os devanditos estudos para a optimización enerxética e o aforro de custos*
- *Ao remate das auditorías estimarase o custo monetario das melloras enerxéticas que resulten de interese e divulgaranse os resultados desta radiografía sectorial sobre o consumo enerxético no sector do granito entre os asociados*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), adscrito á Consellería de Economía e Industria, e a Asociación Clúster do Granito (ACG), polo que o Inega, no marco de colaboración que ten establecido co IDAE (*Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía*) achegará unha axuda, a fondo perdido, dun máximo do 75% do custo, e ata o límite de 60.000 euros para a realización de auditorías enerxéticas. Estes estudos, cuxas conclusións se recollerán nun documento final que se divulgará entre o sector, teñen como principal obxectivo promover un incremento do uso racional da enerxía en diferentes instalacións graniteiras, co fin de contribuír así á redución dos custos de funcionamento e de mellorar a súa competitividade.

En total levaranse a cabo 13 auditorías en empresas do sector representativas da actividade, tanto en dimensións como no ámbito xeográfico, das que 5 se desenvolverán en grandes fábricas de teares, 4 en plantas que se dediquen á talla de bloques e outras 4 en canteiras. As empresas obxecto de estudo deberán pertencer ao sector industrial, é dicir, non terán vinculación coa industria extractiva enerxética e serán elixidas polo Clúster do Granito entre aquelas instalacións que amosen interese en tomar parte neste convenio, co beneplácito final do Inega á mostra escollida.

Así mesmo, o Clúster do Granito _organización en que están representadas as principais empresas galegas extractoras e transformadoras do granito, así como as fabricantes de maquinaria para o sector, as marmoristas e o Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia_, será o encargado de poñerse en contacto coas diferentes empresas e explicarlles o obxecto do convenio. Non obstante, o Clúster deberá comunicar ao Inega con suficiente antelación a data prevista da visita, para eventualmente permitir a presenza dun representante do Instituto adscrito ao departamento que dirixe Javier Guerra.

Coordinación e execución dos traballos

O Clúster do Granito contará para o desenvolvemento do convenio coa participación do Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, a través da súa Área de Desenvolvemento Sustentable, que ten entre os seus obxectivos incentivar as boas prácticas e a eficiencia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

en materia de enerxía e de coordinar as distintas actuacións. Mentres o traballo técnico será realizado por unha empresa especializada na realización das auditorías enerxéticas.

Cuantificación económica das melloras

Das melloras enerxéticas resultantes das auditorías que sexan de interese elaborárase unha estimación do investimento necesario para levalas adiante, o cálculo do aforro derivado de cada actuación e o período de retorno simple do investimento. Toda a información de cada auditoría se recompilará nun informe que será entregado pola empresa auditora ao Clúster do Granito, que á súa vez lle fará chegar copias del ao Inega.

Estudo sectorial

Con todo o material a empresa auditora, unha vez completadas as 13 auditorías, se elaborará un documento resumo co fin de difundir os seus resultados. No informe deberá figurar unha análise do consumo polos distintos subsectores; un capítulo en que se detallen as medidas de aforro enerxético de maior importancia e o investimento necesario e as conclusións sobre a xestión enerxética nas empresas e as medidas correctoras recomendadas. O Clúster deberá completar este documento introducindo unha descrición do escenario do sector, de xeito que resulte un documento final titulado "Estudo sectorial do granito en Galicia", así como difundir esta radiografía das empresas graniteiras entre os seus asociados, resaltando o apoio do Inega na realización das auditorías.

O Instituto Enerxético de Galicia achegará ata un máximo de 6.000 euros por cada unha das 5 auditorías realizadas nas grandes fábricas de teares; de 4.500 euros para cada estudo realizado nas empresas de tallas de bloque, un total de 4; e 3.000 euros para as auditorías feitas en cada unha das 4 canteiras. A subvención será en todos os casos dun máximo do 75% do custo de cada auditoría, mentres que o resto correrá por conta do Clúster do Granito. A data límite para a execución e pagamento de todas as actuacións de aforro e eficiencia enerxética no sector da industria do granito previstas no convenio é o 15 de setembro de 2011.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA REFORZA O FONDO DE CAPITAL RISCO ADIANTE CUNHA ACHEGA DE 7 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS**

- *A ampliación de capital autorizada polo Consello da Xunta permitiralle a este fondo participar no impulso e financiamento de empresas viables que poden atravesar dificultades transitorias*
- *Gobernado por Xesgalicia, o Fondo Adiante 2000 ten como finalidade investir e apoiar empresas que precisan apoio financeiro, ben mediante participacións temporais no capital, ben mediante préstamos*

A través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Consellería de Economía e Industria incrementará en 7.001.789,80 euros os recursos do Fondo de capital risco Adiante, segundo vén de autorizar o Consello da Xunta. O Fondo Adiante, gobernado por Xesgalicia, ten como obxecto principal investir e apoiar empresas que sexan viables técnica, comercial e financeiramente pero que poden atravesar dificultades transitorias ou correr risco de acabar en dificultades se non se actúa para fortalecelas.

Para que o Fondo Adiante 2000 poida apoiar mediante participacións en capital e/ou préstamos ao novos investimentos en estudo, o Igape fará a este fondo unha achega de 7.001.789,80 €. O capital deste fondo corresponde na súa integridade á Xunta, a través do Igape.

Para as empresas obxecto de investimento, a toma de participación e/ou concesión de préstamos o Fondo Adiante supón unha sólida fonte de financiamento, polo que contribúe á súa estabilidade financeira engadíndolle credibilidade. Asemade, Xesgalicia axuda á profesionalización da xestión empresarial, colaborando na busca de financiamento adicional e apoiando a súa internacionalización, entre outros servizos.

Adiante 2000, F.C.R. ten como finalidade proporcionar recursos a medio e a longo prazo, sen vocación de permanencia ilimitada, a sociedades existentes, necesitadas de apoio financeiro e de xestión.

A transcendencia estratéxica que xoga o Fondo Adiante en moitas empresas cun elevado número de traballadores e unha especial imbricación no tecido económico galego, fai del un elemento de dinamización económica moi valorado polos axentes económicos da nosa Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA UNHA OPERACIÓN DE FINANCIAMENTO A KAUMAN S.A. POR IMPORTE DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS MEDIANTE UN AVAL DE 1.498.738 EUROS**

- *Máis da metade da cifra de negocios de Kauman, que emprega 44 traballadores no seu centro de produción de Ponteareas e outros 50 de xeito indirecto, ten como destino a exportación*
- *No plan de negocio que está a impulsar a empresa recóllense para os próximos anos estratexias de internacionalización*

A Consellería de Economía e Industria apoiará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e mediante a concesión dun aval de case 1,5 millóns de euros, unha operación de financiamento da empresa Kauman S.A. cifrada en preto de 2,5 millóns. O aval que vén de autorizar o Consello da Xunta está destinado a facilitar o desenvolvemento dun plan de negocio que inclúe operacións de financiamento de circulante e refinanciamento dos pasivos.

Con domicilio social no concello de Ponteareas (Pontevedra), Kauman é unha empresa familiar dedicada á fabricación de bandas transportadoras de caucho. No seu centro de produción en Ponteareas proporciona emprego directo a 44 traballadores, aos que se lle engaden, aproximadamente, 50 empregos indirectos. Mais do 50% da súa cifra de negocios ten como destino a exportación. A empresa conta ademais cunha planta en Montevideo (Uruguai) con tres liñas de proceso. Esta factoría, Citrans, foi posta en marcha no ano 2008 e dá subministración ao mercado formado polos países membros do Mercosur.

As bandas transportadoras de caucho fabricadas por Kauman, S.A. son empregadas para o transporte continuo de diferentes tipos de produtos, e os principais clientes da sociedade son os sectores da minaría, cimentación, canteiras, industria química, agricultura e transporte portuario de mercadorías.

No plan de negocio que está a impulsar a empresa recóllense para os próximos anos estratexias de internacionalización, para minorar a dependencia do mercado nacional; de especialización en novos produtos á medida das necesidades dos seus clientes; de mellora de rendibilidade, e melloras de xestión. Para o desenvolvemento do seu plan de negocio, a empresa precisa financiamento a longo prazo por importe de 2.497.898, que requirirá para a súa concesión por parte das entidades financeiras a achega do aval do Igape que vén de autorizar o Consello da Xunta.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve+, a liña xeral de avais do Igape é un instrumento fundamental para que as empresas galegas poidan obter o financiamento que precisen para cubrir as súas necesidades de circulante ou para refinar a longo prazo os seus pasivos a curto prazo. Deste xeito, o Goberno galego comparte os riscos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

dos empresarios con proxectos viables aprobando avais para que consigan o financiamento bancario que precisan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**EDUCACIÓN SUBVENCIONARÁ O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR PARA 242
COMENSAIS DOS CONCELLOS DE NARÓN, O BOLO E MUÍÑOS**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios de colaboración cos concellos de Narón, O Bolo e Muíños para a subvención do servizo de comedor escolar en 6 centros educativos.

Grazas á colaboración económica da Consellería de Educación, os alumnos e alumnas destes comedores poderán seguir utilizando este servizo que, no caso de Narón, viña xestionando ata o curso pasado a Federación de Nais e Pais de Ferrolterra (FEANPAS).

Ao abeiro destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús de 242 comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométese á elaboración dos menús escolares, á repartición e recolla deles nas mesas do comedor así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

De acordo coa estratexia de fomento dos hábitos alimentarios saudables que mantén a consellería, os menús deberán ser equilibrados. Ademais, programaranse actividades de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

Ferramenta de conciliación

Con estes acordos a consellería contribúe á conciliación da vida familiar e laboral das familias galegas.

Non en balde, o Consello da Xunta aprobou na súa reunión da semana pasada a sinatura de convenios en termos similares cos concellos de Ferrol e Mugardos.

A XUNTA E OS REITORES ACORDAN O NOVO PLAN DE FINANCIAMENTO CO RETO DE CONQUERIR UN 1,01% DO PIB ÁS UNIVERSIDADES EN 2015

- *O Consello de Goberno deu hoxe luz verde ao plan de financiamento que estará vixente no período 2011-2015*
- *O vindeiro ano as universidades recibirán máis de 390 millóns de euros*
- *Galicia convértese na segunda comunidade autónoma do Estado en adaptar o seu plan de financiamento ao modelo estrutural de financiamento aprobado polo Ministerio de Educación*

O novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (SUG) 2011-2015 froito dun acordo difícil pero amplo, resultará dinámico, flexible, sustentable, equitativo e eficiente, e prestará especial atención aos resultados de investigación, transferencia tecnolóxica, así como á capacidade investigadora e á mellora da calidade. Ademais, en termos cuantitativos asume o acordo do pleno do Parlamento en que se instaba a Xunta a que o novo plan fora converxendo coa media estatal de financiamento público da universidade medida en porcentaxe de PIB, polo que ten como un dos seus obxectivos conquistar o obxectivo de que o financiamento público do SUG acade o 1,01%, do PIB galego en 2015.

Deste xeito Galicia convértese na segunda comunidade autónoma do Estado en adaptar o seu plan de financiamento ao modelo estrutural de financiamento aprobado polo Ministerio de Educación no *Documento de mejora y seguimiento de las Políticas de Financiación de las Universidades para promover la excelencia académica e incrementar el impacto socioeconómico del Sistema Universitario Español (SUE)*, do pasado mes de abril. Así, Galicia será pioneira na implantación deste modelo, que nos vindeiros anos se irá estendendo ás demais comunidades.

Financiamento estrutural

Ao abeiro do acordo aprobado hoxe, os ingresos das universidades galegas distribuiranse en financiamento estrutural, que prevé os fondos destinados ao financiamento dos custos estruturais derivados do normal funcionamento do SUG; financiamento por resultados, e financiamento por mellora da calidade.

Respecto da primeira categoría, a que se destinarán no 2011 un total de 308.067.461 euros componse dunha subvención fixa, outra por capacidade investigadora, e unha terceira para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica. A fixa comprende 2 fondos diferenciados, dos que o primeiro deles se destinará aos custos estruturais das universidades, e en 2011 será distribuído nas mesmas porcentaxes que se viñan aplicando aos fondos asimilados do Plan de financiamento 2005-2010. Nos exercicios 2012 a 2015 a distribución deste fondo realizarase en aplicación de novos criterios de repartición, que serán fixados antes do 31 de xullo de 2011. Cada ano vincularase o equivalente do 5% do total deste fondo a estes novos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

criterios, de xeito que no 2015 un 20% deste fondo quedará repartido en función da aplicación destes criterios.

Doutra banda, o fondo para o financiamento de investimentos de reparación e mellora, que se repartirá no 2011 cos mesmos criterios utilizados no ano 2010, poderá ser modificado en exercicios futuros, se así o acordan as universidades e a Consellería de Educación

Así mesmo, quedan considerados como subvención fixa os fondos destinados ao mantemento dos consellos sociais das universidades galegas, financiamento do custo dos servizos traspasados do INEF-Galicia e dotación de prazas vinculadas ao Servizo Galego de Saúde.

No que toca á subvención por capacidade investigadora, que se centrará no apoio ás universidades que desenvolvan liñas de investigación consideradas nos eixos de actuación do Plan Estratéxico Galicia 2010-2014, a distribución realizarase mediante convocatorias competitivas entre as tres universidades.

Pechando o capítulo de financiamento estrutural, a subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica incluírá compensacións ás universidades polo incremento de custos en actividades universitarias derivados de cambios normativos así como fondos finalistas transferidos á Comunidade Autónoma por outras administracións.

Financiamento por resultados

Unha das grandes novidades do novo Plan é a prioridade que se lles dá aos ingresos polos resultados obtidos por cada unha das universidades do SUG. Así, distingúranse tres categorías: subvencións por resultados, por resultados de investigación e por resultados de transferencia tecnolóxica que obterán, en 2011, 64.228.248 euros.

Respecto da primeira delas, terán forma de créditos que se distribuirán en función de contratos programa individualizados que se acordarán con cada unha das universidades. No período de vixencia deste Plan asinaranse dous contratos programa con cada universidade, o primeiro deles comprenderá os anos 2011-2012 e o segundo para os anos 2013-2015.

Nos anos 2011-2012 o crédito repartirase en función de criterios baseados no número de estudantes matriculados (incorporando un factor de corrección para eliminar desviacións nas transferencias por este concepto) e nos ingresos medios por proxectos competitivos nos últimos 3 anos, en relación ao persoal docente e investigador de cada universidade. Nos anos 2013-2015 a asignación dos créditos correspondentes a este fondo determinarase pola aplicación dos indicadores das áreas de acción, calculados con base nos datos proporcionados polas universidades en cada exercicio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Doutra banda, a subvención por resultados de investigación contemplará os créditos necesarios para o desenvolvemento das liñas de acción establecidas no Plan Galego de I+D+i, e distribuiranse preferentemente mediante fórmulas de concorrencia competitiva.

A subvención por resultados de transferencia tecnolóxica ten como obxectivo ordenar e potenciar os recursos e capacidades de investigación do SUG mediante a consolidación dos grupos de investigación, e o desenvolvemento dun sistema integral de apoio á investigación nas universidades galegas. A distribución dos créditos correspondentes a este fondo tamén levarase a cabo mediante convocatorias en réxime de concorrencia competitiva.

Mellora da calidade

Co compromiso de acadar as máximas cotas de calidade e excelencia no SUG, o novo Plan de Financiamento inclúe unha epígrafe destinada aos ingresos que as universidades obterán polas actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación ou adaptación de infraestruturas; e para o cal no 2011 se destinarán 18.000.000 euros.

A devandita cantidade será distribuída no ano 2011 nas mesmas porcentaxes que se viñan aplicando ao fondo incondicionado do Plan de Financiamento do SUG 2005-2010. Nos exercicios 2012 a 2015 a repartición vincularase ao cumprimento por parte das universidades dos compromisos incluídos nos planos de sustentabilidade do Plan. En todo caso, primaranse criterios de eficiencia e eficacia na xestión económico-financiera, da propia planificación académica das universidades públicas, e as medidas que permitan compartir recursos entre elas.

Así mesmo, formarán parte do financiamento por mellora da calidade os recursos proporcionados ás universidades a través das distintas consellerías, entidades e organismo dependentes da comunidade autónoma.

Comisión e grupo de traballo

Para os efectos de garantir o correcto funcionamento do Plan crearase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por un representante de cada unha das universidades do SUG, polo secretario xeral de Universidades (Consellería de Educación), polo director xeral de Orzamentos (Consellería de Facenda), pola interventora xeral da Comunidade Autónoma, e polo director xeral de Investigación e Desenvolvemento (Consellería de Economía e Industria).

Ademais, para a mellora das actuacións derivadas do Plan crearase un grupo de traballo, co obxectivo de propor medidas de aforro ao SUG. Este grupo emitirá un informe que incluírá unha listaxe con dez novas medidas anuais de cooperación e racionalización e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

medidas de racionalización do gasto e de mellora na eficiencia na xestión para o SUG. O grupo estará integrado por un representante de cada unha das universidades do SUG, dous representantes da Secretaría Xeral de Universidades e outros dous da Dirección Xeral de Orzamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA CATRO PRÓRROGAS DE CONCERTOS CO CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA, O HOSPITAL SAN RAFAEL, E O INSTITUTO POLICLÍNICO SANTA TERESA NA CORUÑA, E O HOSPITAL JUAN CARDONA EN FERROL**

- *A continuidade destes concertos permitirá atender a demanda de servizos sanitarios nas áreas sanitarias de Coruña e Ferrol, evitando desprazamentos e mellorando o tempo de atención aos pacientes*
- *Estas prórrogas están enmarcadas na conxelación das contías totais dos concertos con centros privados e rebaixan as tarifas un 5%*

O Servizo Galego de Saúde vai destinar o vindeiro ano un total de 34.528.040 euros para prorrogar os concertos que ten establecidos coa Congregación do Santo Hospital da Caridade de Ferrol, da que depende o Hospital Xeral Juan Cardona, e co Centro Oncolóxico de Galicia, así como co Instituto Médico Quirúrgico San Rafael e o Instituto Policlínico Santa Teresa.

Para tal efecto, o Consello da Xunta deu o visto e praxe a catro prórrogas dos concertos establecidos entre o Servizo Galego de Saúde e estes centros, enmarcando esta actuación na conxelación das contías totais dos concertos con centros privados e rebaixando as tarifas un 5%. Esta baixada responde á aposta do Goberno galego pola eficiencia e pola xestión rigorosa nos servizos sanitarios.

No caso do concerto establecido entre o departamento sanitario que preside Pilar Farjas Abadía e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia – José Antonio Quiroga y Piñeiro, sita na cidade herculina, establécese unha prórroga para a prestación de servizos en materia sanitaria oncolóxica por un importe de 11.189.600 euros.

Tamén na cidade da Coruña, formalizouse a prórroga entre o Servizo Galego de Saúde e o Instituto Médico Quirúrgico San Rafael por un custo estimado de 4.800.000 euros, e co Instituto Policlínico Santa Teresa estimado en 5.536.000 euros.

O proxecto de acordo referido á Fundación Congregación do Santo Hospital da Caridade de Ferrol pola prestación de servizos sanitarios a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Sergas, que realizará o Hospital Xeral Juan Cardona de Ferrol, acada un importe de 13.002.440 euros para o 2011.

A continuidade dos concertos vai permitir atender a demanda de servizos sanitarios e nas prestacións oncolóxicas da poboación nas áreas sanitarias de Coruña e Ferrol, evitando desprazamentos e mellorando o tempo de atención aos pacientes.

CULTURA E TURISMO DESTINARÁ MÁIS DE 525.000 EUROS PARA ACOMETER A SEGUNDA FASE DE REACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO REAL QUE CONDUCE Á MAIOR ACRÓPOLE GALEGA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, e os concellos de Monterrei e Verín para a recuperación deste camiño histórico, así como para a potenciación turística de toda a contorna*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o convenio de subscripción entre a consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, e os concellos ourensáns de Verín e Monterrei, para acometer a segunda fase de reacondicionamento do Camiño Real, por un importe de 525.717 euros. O convenio, que entra en vigor ao día seguinte da sinatura, estende a súa vixencia ata o 30 de novembro do ano 2011.

Nesta segunda fase de reacondicionamento da que é a maior acrópole de Galicia está previsto, con cargo á aplicación orzamentaria do ano 2011, a realización das obras de acceso desde a estrada nacional 525 ata o barrio de San Lázaro, conectando coas obras da primeira fase. A aplicación orzamentaria está financiada a través de Fondos Feder. A primeira fase do convenio asinouse o pasado 2 de novembro, por un valor de 467.711 euros, co obxecto de ser destinada ás obras do Camiño que parten do barrio de San Lázaro ata o Parador Nacional de Monterrei.

Trátase, en ambos os casos, de dúas obras que poden ser postas en uso de forma independente, ao responderen a dous proxectos de actuación distintos. As dúas constitúen o chamado Camiño Real, que desemboca no Castelo de Monterrei, pertencente na actualidade á Rede Nacional de Paradores de Turismo.

A través do reacondicionamento global deste ben histórico, promóvense os recursos culturais e incentívase o coñecemento do patrimonio cultural, etnográfico e natural galego co fin de dinamizar o turismo da zona. Non en van, Ourense é a segunda provincia española con maior patrimonio arquitectónico.

Cláusulas

Os concellos de Verín e Monterrei poñerán á disposición da Consellería de Cultura e Turismo o tramo do Camiño Real que se vai rehabilitar, do cal posúen a titularidade, co obxecto de que se leven a cabo as actuacións de reacondicionamento. Pola súa banda, Cultura e Turismo comprométese á elaboración, así como á supervisión e aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de reacondicionamento do Camiño Real. A xestión, mantemento e conservación deste corresponderá, unha vez finalizada as obras, aos concellos de Monterrei e Verín.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O Camiño Real atópase entre os concellos de Verín e Monterrei e foi construído entre os séculos XVI e XVII. Dentro do conxunto merece unha especial atención o castelo de Monterrei, un conxunto fortificado en que se asentaron liñaxes de familias como os Ulloa, os Zúñiga, os Fonseca ou os Duques de Alba, e que foi enclave estratéxico desde a Idade Media na fronteira con Portugal. Trátase da acrópole máis grande de Galicia e está formada por tres recintos amurallados sobre un alongado cumio.

O Goberno galego redunda no seu compromiso co turismo en canto este funciona tamén como un factor de reequilibrio territorial. A aposta da Administración autonómica por potenciar estes valores turísticos baséase na importancia do sector turístico e no efecto multiplicador que este posúe tanto a nivel económico como social. A través da Consellería de Cultura e Turismo considérase oportuno e necesario colaborar de forma conxunta con outras institucións en ámbitos de conservación, protección e difusión do noso patrimonio, susceptible da revalorización para usos turísticos.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA O CONCELLO LUCENSE DE SARRIA MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO

- *A Comisión de Valoración aprobou esta proposta de recoñecemento, ao ter en conta a ampla variedade de recursos turísticos que posúe este concello, como o seu patrimonio monumental, cultural, gastronómico, artesanal, natural e etnográfico*
- *A declaración de municipio turístico leva consigo a súa inclusión no Plan Galego de Promoción do Turismo e supón un criterio específico de prioridade nos beneficios que poidan derivar dos plans de desenvolvemento e mellora do sector turístico que acometa a Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia vén de declarar o concello lucense de Sarria Municipio Turístico Galego, tras a proposta da Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo. A Comisión de Valoración, segundo o indicado no artigo 16 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, Declaración de Municipio Turístico Galego e Declaración de Festas de Galicia de Interese Turístico, considerou positivamente a ampla variedade de recursos turísticos do concello, así como o seu patrimonio monumental, cultural, gastronómico, artesanal, natural e etnográfico. O Concello de Sarria achegou para tal consecución a documentación exixida nos artigos 9 e 13 do mencionado regulamento.

O concello de Sarria forma parte da ruta xacobeana do Camiño Francés, declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco no ano 1993. O enclave de Sarria, a localidade máis poboada deste camiño en Galicia, foi lugar de paso de peregrinos desde a Idade Media e a súa historia está moi ligada ás peregrinacións. A vila é, despois de Santiago de Compostela, o punto máis destacado da ruta, ao ser elixido polo 23% dos peregrinos como punto de saída para a peregrinaxe ata a capital galega.

En todo o concello atópanse mostras de arquitectura relixiosa e civil. No núcleo histórico da vila destacan construcións como a Torre da Fortaleza ou o Convento da Madalena, entre outros. No contorno rural o estilo románico ten a súa presenza en multitude de igrexas como a de Santiago de Barbadelo, declarada ben de interese cultural no ano 1980. Tamén resaltan polo seu atractivo turístico os muíños que abundan no concello, caracterizados por ser en moitos casos de dúas moas, ademais de bens arqueolóxicos como castros, petróglifos ou a necrópoles como Santa Mariña, ben de interese cultural desde o 2006.

A posta en valor de espazos naturais nas marxes dos ríos Sarria e Celeiro, onde se atopa o coñecido como Roteiro das Aceas, de máis de seis quilómetros de longo, xunto ás numerosas festas e feiras tradicionais da vila, entre elas a feira anual de antigüidades, son outros dos recursos turísticos máis sobresaíntes do concello.

Desde o punto de vista da actividade turística, cabe salientar que o número de establecementos se modernizou considerablemente nos últimos anos, e conta na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

actualidade cunha ampla oferta de hoteis, albergues, casas de turismo rural, campamentos, restaurantes e cafetarías. En total, o número de prazas de aloxamento ascende a 995.

A declaración de municipio turístico leva consigo a súa inclusión no Plan Galego de Promoción do Turismo e supón un criterio específico de prioridade nos beneficios que poidan derivar dos plans de desenvolvemento e mellora do sector turístico que acometa a Xunta de Galicia, implica a súa inclusión, con carácter preferente, nos plans provinciais de cooperación de obras e servizos e outorga prioridade na concesión de axudas e subvencións que estableza a Administración turística para a potenciación de programas locais de desenvolvemento e de potenciación e promoción dos recursos turísticos

Esta declaración dun concello como Municipio Turístico Galego concédese normalmente a aqueles concellos que o soliciten e que cumpran os requisitos de ter unha afluencia periódica ou estacional en que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños ou cando o número de aloxamentos turísticos e de segundas residencias sexa superior ao 50% do número de vivendas de residencia primaria. Doutra parte, é necesario que acrediten contar dentro do seu territorio con algún servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística de visitantes nunha cantidade cinco veces superior á súa poboación, computada ao longo dun ano e repartida cando menos en máis de trinta días.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO ENTRE XUNTA E O ESTADO PARA FINANCIAR O NIVEL ACORDADO DA LEI DE DEPENDENCIA**

- *O financiamento deste nivel para 2010 ascende a 106,5 millóns de euros, dos que a Consellería de Traballo e Benestar achega máis do 80 por cento, fronte ao 20% do Estado*
- *A partida total da Dependencia neste exercicio é de 352 millóns de euros, ao computar os dous niveis de financiamento*
- *No nivel acordado para este ano, a Administración xeral do Estado achega tres millóns menos que no exercicio anterior, mentres que o orzamento do Goberno galego supón un aumento de 12,4 millóns con respecto ao exercicio anterior*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración para 2010 entre o Goberno galego e a Administración xeral do Estado para financiar o nivel acordado da Lei de dependencia. Para este concepto, dedícanse un total de 106,5 millóns de euros, dos cales a Consellería de Traballo e Benestar achega 86,3 millóns de euros –máis do 80 por cento-, fronte aos 20,2 millóns que achega o Estado.

É preciso lembrar que a Lei de dependencia se financia tanto a través deste nivel acordado –o que autoriza hoxe o Consello-, como do nivel mínimo –financiamento por cada dependente atendido-. Deste xeito, o financiamento global da Dependencia en 2010 ascendeu a 352 millóns de euros, dos cales a Xunta achega 256,13 millóns, mentres que o Estado achega 96. No 2011, o financiamento total para a Dependencia será de 360 millóns (isto é, por riba do presente exercicio). De cara ao próximo exercicio (2011), Galicia sobe a súa achega ata os 264 millóns, e o Estado destinará os mesmos 96 millóns que este ano.

Xa no que se refire propiamente ao convenio ao cal se lle deu hoxe luz verde, hai que lembrar que o nivel acordado contribúe, fundamentalmente, ao financiamento do mantemento dos servizos e prestacións da dependencia, particularmente aos servizos residenciais e de atención diurna, axuda a domicilio, teleasistencia e os servizos e axudas para a promoción da autonomía persoal, como o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (O65). No eido das prestacións, favorécese a consolidación das libranzas de coidador, as vinculadas aos servizos e as do asistente persoal.

O outro nivel de financiamento, o mínimo, é o que reciben as autonomías por cada dependente atendido segundo o seu grao e nivel. Neste punto, a Consellería de Traballo e Benestar tamén ten manifestado en reiteradas ocasións a súa desconformidade co mesmo xa que nin se ten en conta o servizo que se está a prestar, nin garante o custo da súa prestación, o que está a producir un importante desequilibrio financeiro entre o Estado e as autonomías.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**BENESTAR DEDICARÁ 166.000 EUROS AO MANTEMENTO DO PROGRAMA DE ORIENTACIÓN E MEDIACIÓN FAMILIAR EN VIGO E PONTEVEDRA**

- *O Consello da Xunta vén de autorizar un convenio entre a Consellería e a Asociación Aloumiño, que xestiona os dous puntos de encontro desta provincia*
- *O departamento autonómico ten investido 520.000 euros este ano no desenvolvemento deste tipo de accións nos sete centros existentes en Galicia*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará 165.692 euros ao mantemento do programa de orientación e mediación familiar, que desenvolve a Asociación Aloumiño en dous puntos de encontro, situados en Vigo e Pontevedra. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co que se prorroga un acordo subscrito cada ano desde 2000.

Esta entidade, de iniciativa social e sen ánimo de lucro, xestiona dous dos sete puntos de encontro existentes na comunidade galega. O departamento que dirixe Beatriz Mato ten investido un total de 520.000 euros este ano no desenvolvemento de accións de orientación e mediación familiar neste sete centros, a mesma contía que a dedicada en 2009.

O obxectivo do convenio é reducir a conflictividade entre ex cónxuxes nos casos de separación e divorcio. Nos puntos de encontro, persoal especializado avalía as distintas situacións que se lles presentan, fai entrevistas individuais previas ás intervencións e programa estas últimas, nas cales participan expertos en psicoloxía familiar, dereito da familia e mediación, así como voluntarios.

Entre as medidas desenvolvidas no eido da protección de menores, o Goberno galego impulsa o programa de mediación e orientación familiar para garantir o dereito dos máis novos a manter as relacións co proxenitor non custodio e a familia deste cando se interrompen as visitas ou son conflictivas.

A futura Lei de apoio á familia e á convivencia salienta a mediación e a orientación como un dos aspectos a potenciar por parte da Administración autonómica.

Un centro en cada cidade galega

Cada unha das cidades da comunidade conta cun punto de encontro, que constitúe un lugar neutral orientado aos pais e nais separados ou divorciados con problemas acerca da custodia dos seus fillos. Os ex cónxuxes en situación de conflito deixan e recollen nestes centros os seus menores para favorecer o seu contacto co pai e a nai.

Nestes lugares celébranse tamén as visitas tuteladas que, en moitas ocasións, dita o xuíz, quen ademais de obrigar os pais e as nais a deixar e recoller alí os menores, pode establecer que as xuntanzas teñan lugar neste ámbito neutral. Así, os puntos de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

encontro desenvolven unha importante función, ao permitiren aos nenos gozar da presenza dos pais.

BENESTAR INVESTIRÁ MÁIS DE 26,8 MILLÓNS DE EUROS EN 2011 PARA O MANTENIMENTO DE CASE 3.000 PRAZAS PARA A ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE

- *O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a prórroga de cinco expedientes para posibilitar o funcionamento das prazas en centros de día, centros residenciais con centro de día, centros ocupacionais, vivendas tuteladas e nun centro residencial con centro ocupacional*
- *Galicia conta na actualidade con 4.879 prazas de discapacidade das cales a Xunta puxo en funcionamento 548 desde abril de 2009, o que supón un incremento do 12,6 por cento*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará en 2011 máis de 26,8 millóns de euros para o mantemento de case 3.000 prazas para a atención á discapacidade. O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a prórroga dun total de cinco expedientes para posibilitar o ano próximo o mantemento destas prazas distribuídas por toda a xeografía galega.

Os expedientes, que contaron hoxe co visto e prace do Goberno galego, divídense segundo a tipoloxía dos centros. Así, a Xunta investirá cara a 2011 máis de 4,7 millóns de euros no mantemento de 479 prazas de centros de día; máis de 8,7 millóns de euros para 485 prazas para centros residenciais con centros de día; máis de 8,4 millóns de euros para 1.003 prazas para un centro residencial con centro ocupacional; máis de 4,5 millóns de euros para 943 prazas para centros ocupacionais; e, por último, a Xunta dedicará 345.203 euros para o mantemento de 51 prazas para vivendas tuteladas.

Galicia conta na actualidade con 4.879 prazas de discapacidade das cales o Goberno galego puxo en marcha un total de 548 desde abril de 2009, é dicir, incrementou a oferta de prazas para as persoas con discapacidade nun 12,6 por cento.

O Plan de Discapacidade

Ademais, a aposta do Goberno galego polas persoas con discapacidade reflíctese no Plan de Acción Integral para as persoas con discapacidade 2010-2013, que o Consello da Xunta aprobou a semana pasada.

Trátase da primeira vez que en Galicia traballan conxuntamente a Administración autonómica, representantes das entidades locais, o movemento asociativo e axentes integrantes do diálogo social, co fin de consensuar unha política común en materia de discapacidade.

A iniciativa recolle máis de 190 actuacións novas dirixidas a mellorar a calidade de vida deste colectivo en todos os eidos, ás cales se suman máis dun cento doutras medidas que se reforzan e se visibilizan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Co fin de abordar de xeito integral esta diversidade, o Plan artéllase ao redor de 10 áreas de intervención, cada unha delas cos seus obxectivos específicos. Os núcleos de acción son os seguintes: protección dos dereitos igualdade de xénero e transversalidade, accesibilidade, promoción da autonomía persoal, educación, formación e emprego, recursos no ámbito dos servizos sociais, saúde e atención sociosanitaria, atención temperá, e cultura, deporte e tempo de lecer.

En total, suman un total de 297 actuacións, englobadas en 38 obxectivos específicos, que se prolongarán de 2010 a 2013.

MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN LA CAIXA COLABORARÁN NA PROMOCIÓN E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS DE GALICIA

- *O orzamento total para esta actuación é dun máximo de 1.250.000 euros, que a Fundación "La Caixa" achegará á Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación "La Caixa" en materia de espazos naturais protexidos para a protección, promoción, conservación e mellora do ambiente nestes espazos xestionados pola Xunta de Galicia, coa finalidade de garantir a súa estabilidade e madurez, mediante a mellora do estado de conservación e a redución da fragilidade ante posibles perturbacións.

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, é o órgano competente en materia de espazos naturais protexidos. Pola súa parte, a Fundación "La Caixa" é a entidade encargada de xestionar a Obra Social de "La Caixa", que persegue a mellora da calidade de vida dos cidadáns mediante o desenvolvemento social, cultural e ambiental e, para este fin, desenvolve un gran número de programas ambientais e sociais dirixidos á conservación e mellora do contorno natural, así como á promoción da integración social dos colectivos de persoas desfavorecidas.

Contía e vixencia

O orzamento total para levar a cabo as actuacións previstas neste convenio é dun máximo de 1.250.000 euros, que a Fundación "La Caixa" achegará á Xunta de Galicia. Este convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a vixencia será ata o 31 de decembro de 2011.

Actuacións

As partes asinantes teñen previstas actuacións no tocante á mellora dos hábitats forestais e prevención de incendios, mantemento de hábitats de interese, mellora dos espazos fluviais, zonas húmidas e formacións de ribeira, restauración de áreas degradadas, mellora da conectividade ecolóxica e paisaxística, e preservación da biodiversidade, reforzo do tecido económico e impulso da formación laboral da poboación local, e fomento da sensibilización ambiental mediante sistemas de información e formación, entre outras.

A Fundación dará prioridade á ocupación de colectivos de persoas en situación ou risco de exclusión social. Ambas as partes difundirán os obxectivos e actividades desenvolvidos co fin de fomentar o respecto e a sensibilización da sociedade respecto da conservación e a mellora da contorna natural e a integración social dos colectivos de persoas desfavorecidas.

A XUNTA CUMPRE CO SEU COMPROMISO DE APROBAR AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO CON ANTERIORIDADE AO PLAN DO LITORAL

- *As DOT son o primeiro instrumento de ordenación territorial de carácter autonómico que se aproba na comunidade*
- *As directrices comezan agora o debate parlamentario, que levará o Goberno a acadar un documento vital para Galicia de xeito consensuado*

Galicia xa conta cunhas Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas. Este feito, que se produce antes de que acabe o ano e con carácter previo á aprobación do Plan de Ordenación do Litoral, tal e como comprometera o Goberno, supón un fito histórico para a comunidade.

Coa orde de aprobación provisional, que foi elevada hoxe ao Consello da Xunta, cúmprese tamén o obxectivo de pechar un proceso que comezou en 1995 no Parlamento coa Lei de ordenación do territorio.

A aprobación provisional das DOT abre o camiño cara a unha ordenación real do territorio galego e é o primeiro instrumento de ordenación territorial de carácter autonómico que se aproba na comunidade. A partir de agora iníciase o trámite parlamentario, durante o cal os distintos grupos políticos debaterán o documento, e logo de incluír os cambios aprobados en sede parlamentaria, a Xunta procederá a aprobación definitiva das DOT mediante decreto. Unha das principais características destas Directrices é que o seu proceso de actualización e mellora contou coa participación de ata 18 departamentos da Xunta de Galicia con competencias de incidencia territorial, ademais das achegas das restantes administracións, organizacións, empresas e particulares no proceso de participación e consultas. Neste senso, hai que destacar que son un documento transversal, que integra a visión conxunta de todas as liñas de acción pública, fomentando unha planificación coordinada.

Modelo

As DOT analizan a situación actual do territorio, identifican as dinámicas futuras previsibles e a partir de aí tenta corrixir as negativas para o futuro de Galicia e fomentando aquelas que implican ou achegan estímulos para o desenvolvemento. Para a formulación das DOT, levouse a cabo unha análise que deriva no establecemento das regras de xogo para a implantación dos usos e actividades en coherencia coas políticas sociais, económicas, culturais e ambientais.


A elevada dispersión inherente ao modelo de asentamento galego, con máis de 30.000 entidades singulares de poboación, a metade do total nacional –que á súa vez se agrupan en parroquias e estas en concellos- fai necesario un exercicio de coordinación que poida conxugar as 315 vontades municipais e estas coas diferentes políticas sectoriais. Esta coordinación é a que levarán a cabo as Directrices de Ordenación do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Territorio. Deste xeito, a principal proposta destas DOT baséase na asunción desta realidade complexa dos asentamentos galegos co obxectivo de acadar a consolidación do sistema urbano policéntrico, que sustente e acolla as dotacións e servizos así como os usos e actividades urbanas que precisa toda a poboación galega para ter calidade de vida, e que actúe como cidade única competitiva e integrada no seu contexto atlántico.

Trátase dunha proposta que mantén a mesma estrutura e niveis de asentamento que os anteriores documentos aprobados en Galicia, aínda que se recolleron algunhas modificacións na clasificación dos núcleos. Deste xeito, defínense catro niveis básicos de asentamentos:

- **Rexións e áreas urbanas:** son espazos dinámicos de crecemento económico e de poboación, en que son necesarios os procesos de planificación e de coordinación. As áreas urbanas son aqueles espazos configurados ao redor das sete maiores cidades de Galicia: A Coruña, Vigo, Santiago, Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol. Como resulta da intensidade dos procesos metropolitanos existentes nas contornas das áreas da Coruña e Ferrol, por unha banda; e Vigo e Pontevedra, por outra, xorden as rexións urbanas Ártabra e das Rías Baixas.
- **Sistema urbano intermedio:** formado por núcleos de mediano tamaño entre os 7.000 e os 40.000 habitantes, centros dinámicos social e economicamente enfocados a asumir unha maior centralidade e protagonismo.
- **Nodos para o equilibrio do territorio:** son un conxunto de núcleos distribuídos por todo o territorio, capaces de fixar poboación, dotar de servizos e impulsar novas actividades e centralidades.
- **Resto de núcleos de importancia municipal.**

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, as Directrices de Ordenación do Territorio fixan estratexias fundamentais para o mundo rural, potenciando as actividades produtivas agrarias e forestais, e abrindo liñas para a diversificación económica do espazo rural.

Protagonismo dos concellos

As Directrices de Ordenación do Territorio fomentan e respectan a autonomía municipal, estimulando liñas de cooperación e diálogo cos concellos. Non son impositivas, senón que respectan a estrutura política existente. As DOT xorden así como un importante apoio para a planificación municipal: fixan criterios para a elaboración de plans urbanísticos e confírelles seguridade aos concellos ao fixaren un marco territorial de referencia, igual para os diferentes instrumentos sectoriais.

Unha das principais innovacións do documento que se presenta fronte aos documentos anteriores é facer máis explícita e necesaria a cooperación e colaboración con outras administracións, e moi especialmente cos concellos.

Así, o modelo proposto baséase na participación dos concellos, en dous niveis: un primeiro, mediante asociacións voluntarias para contribuír na definición dos Plans territoriais integrados que configuren a planificación dos ámbitos dos cales se sintan parte integrante; e a participación no uso e posta en marcha das determinacións e referencias territoriais para a implantación dos usos e actividades seguindo as pautas dese modelo colectivo de Galicia que se está a definir coas DOT e que se completará cos restantes instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As DOT preséntanse así como un apoio á planificación municipal, fixando o marco global de referencia para Galicia e, en definitiva, os criterios para a elaboración dos plans urbanísticos, achegando seguridade territorial e xurídica.